

ACTA Nº 2016/18

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, LUNS 7 DE NOVEMBRO DE 2016 -

No día de hoxe ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria Urxente do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

ASISTEN:

BNG

TOBIAS BETANZOS REGO

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

ADELINA CES QUINTÁNS

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

RAQUEL GARCIA ABUIN

PP

MARÍA JESUS GALBÁN TEIJEIRO

MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN

ELISA BOUZAS VICENTE

ADRIÁN VIDAL IGLESIAS

PSOE

MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

SON-RIANXO EN COMÚN

ANTONIO CASTRO CASTRO

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENCIAS:

PP

ADELA BECERRA MAYO

PSOE

MARTIN COMOJO VICENTE

SECRETARIA:

PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO

INTERVENTORA:

PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. - RATIFICACIÓN DA URXENCIA

ASUNTOS DA C.I. DE ECONOMÍA, FACENDA E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

2. - MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1 REGULADORA DO

IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

PROPOSTAS ORDINARIAS

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Xustificase a urxencia de este pleno debido a necesidade de cumprir cos prazos de exposición ao público e para que dita ordenanza poida entrar en vigor o 1/01/2017

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O imposto sobre Bens Inmobles é un tributo local de carácter obrigatorio, cúa regulación se atopa nos artigos 60 a 77 do real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nas ordenanzas fiscais aprobadas polas entidades locais, naqueles aspectos que o texto legal citado permite concreción ou desenvolvemento por cada corporación, en atención ao principio de autonomía local e dacordo coas potestades regulamentaria e tributaria propias dos entes territoriais.

O IBI é un imposto de xestión compartida, pois a Catastro correspóndelle a xestión catastral, na mentres que ás entidades locais a xestión de carácter tributario. A Ponencia de Valores do Municipio de Rianxo aprobouse no ano 2012, como resultado dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tras 23 anos de vixencia da ponencia anterior, debido ás diferencias sustanciais entre os valores catastrais que recollía a mesma e os valores de mercado.

O artigo 72 do TRLFL establece, os seguintes tipos mínimos e máximos do IBI:

Natureza	Tipo de gravame mínimo	Tipo de gravame máximo
IBI rústica	0,3 %	0,9 %
IBI urbana	0,4 %	1,10%
IBI BICES	0,4 %	1,30 %

Con anterioridade á entrada en vigor da Ponencia de Valores, os tipos impositivos do IBI eran do 0,55 por cento para os inmobles de natureza urbana, do 0,40 por cento para inmobles de natureza rústica e do 1,30 por cento para inmobles de características especiais.

A partires do 1 de xaneiro de 2013 os tipos regulados na ordenanza fiscal do IBI eleváronse quedando fixados nun 0,605 por cento tanto para bens inmobles de natureza

rústica como para bens inmuebles de natureza urbana, permanecendo inalterado o tipo dos BICES. No exercizo 2014 e no 2015, o artigo 8 da Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, dispoñía literalmente o seguinte:

“1. Con efectos para los períodos impositivos que se inicien en los años 2014 y 2015, los tipos de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles de los bienes inmuebles urbanos determinados con arreglo a lo dispuesto en el artículo 72 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, resultarán incrementados en los siguientes porcentajes:

a) El 10 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada con anterioridad al año 2002, no pudiendo resultar el tipo de gravamen mínimo y supletorio inferior al 0,6 por 100.

b) El 6 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada entre 2002 y 2004, no pudiendo resultar el tipo de gravamen mínimo y supletorio inferior al 0,5 por 100.

c) El 4 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada entre 2009 y 2012.

Lo dispuesto en el presente apartado únicamente se aplicará en los siguientes términos:

– A los inmuebles de uso no residencial, en todo caso, incluídos los inmuebles gravados con tipos diferenciados a que se refiere el artículo 72.4 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

– A la totalidad de los inmuebles de uso residencial a los que les resulte de aplicación una ponencia de valores total aprobada con anterioridad al año 2002.

– A los inmuebles de uso residencial a los que les resulte de aplicación una ponencia de valores total aprobada en el año 2002 o en un año posterior, y que pertenezcan a la mitad con mayor valor catastral del conjunto de los inmuebles del municipio que tengan dicho uso.

2. En el supuesto de que el tipo aprobado por un municipio para 2014 o 2015 fuese inferior al aprobado para 2011, en el año en que esto ocurra se aplicará lo dispuesto en este artículo tomando como base el tipo aprobado para 2011. No obstante, cuando se trate de municipios en los que se haya aprobado una ponencia de valores total en el año 2012, se tomará como base el tipo aprobado para 2013 cuando fuera superior al aprobado para 2014 o 2015.”

A medida anterior supuxo unha suba do tipo de gravame aplicable aos inmuebles de natureza urbana de uso residencial cuxo valor catastral excedese da mediana, así coma en todos os inmuebles de natureza urbana de uso non residencial, que ascendeu do 0,605 por cen ao 0,6292 por cen.

No exercizo 2016, os tipos de gravame minoráronse ata un 0,59% para os bens de natureza rústica e urbana.

A evolución dos tipos de gravame dende o exercizo 2012 ata o 2016 foi a seguinte:

Ano/Natureza do ben inmovible	2012	2013	2014	2015	2016
Urbana	0,55 por cento	0,605 por cento	0,605 < mediana 0,6292 > mediana	0,605 < mediana 0,6292 > mediana	0,59 por cento
Rústica	0,40 por cento	0,605 por cento	0,605 por cento	0,605 por cento	0,59 por cento
BICES	1,30 por cento	1,3 por cento	1,3 por cento	1,3 por cento	1,3 por cento

Para o exercizo 2017 non existe normativa estatal básica que impida a minoración de tipos de gravame, polo que o goberno municipal promove esta modificación normativa. Sendo conscientes do aumento da presión fiscal en xeral, e respecto do IBI en particular, motivada pola repercusión progresiva das novas valoracións catastrais resultantes da ponencia (un 10% anual da diferenza entre o novo valor catastral e o antigo), propónse unha baixada de tipos de gravame que, continuando coa senda iniciada no exercicio 2016, procura minorar a carga tributaria neste entorno de crise económica. Lémabrar que no exercicio 2015, se ben existía a imposibilidade legal de modificar os tipos de gravame, sí se levaron a cabo reformas na ordenanza fiscal para que a cuota líquida a abonar polos contribuíntes fose mai baixa (bonificación por domiciliación do recibo de IBI e bonificación pola carencia de determinados servizos mínimos obrigatorios)

Polo tanto, solicítase á Comisión Informativa de Economía, Facenda e Participación Veciñal, o dictame favorable da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO

Modificar o artigo 2º da ordenanza fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis e a disposición derradeira, dacordo co seguinte tenor literal:

“artigo 2º

a) Tipo de gravame do imposto sobre bens inmóveis aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,57 por cento.

b) Tipo de gravame do imposto sobre bens Inmóveis aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,57 por cento.

c) O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmóveis aplicable os bens inmóveis de características especiais, definidos no artigo 2.7 da Lei 48/2.002, do 23 decembro, Lei do catastro inmobiliario, e sitios no termo municipal de Rianxo, queda fixado no 1,3 por cento.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza aprobouse polo Pleno na súa sesión do día 7 de setembro de 2004, e foi modificada polo Pleno na sesión do día 7 de novembro de 2016, entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e xurdindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2017, ata que se acorde a súa modificación ou derrogación.”

SEGUNDO

Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do

Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

TERCEIRO

De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

CUARTO

O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 04/11/2016, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- O concelleiro do grupo político do BNG Tobías Betanzos Rego, defende a proposta expoñendo que se trata de reducir os efectos da suba dos valores catastrais dado que se incrementaba un 10% esta medida proposta continua coas propostas de anos anteriores e por outra parte intenta atender os informes dos servizos económicos, eponse como teito de prudencia do 2% .

O procedemento de aprobación xa exposto no informe de intervención conleva un prazo de exposición público de 30 días hábiles polo que se fai necesario aprobar o acorco con urxencia.

No ano 2015 o concello aprobou bonificacións (do 5% para contribuíntes domiciliados os recibos, 5% para os veciños non dispoñían de servizos de auga e saneamento), o tipo impositivo baixouse do 0,60 o 0,59 e agora a proposta é baixar o tipo impositivo do 0,59 o 0,57 intentando reducir a suba dos valores catastrais. Para iso tense en conta a recadación líquida que soe ser inferior ó 92% do padrón, os datos da recadación co tipo impositivo do 0,57 % están calculados sobre parámetros estimados propoñendo unha minoración prudente.

O que move a propoñer esta modificación é ralentizar os efectos da subida dos valores catastrais sen poñer en risco a sustentabilidade do concello.

- O voceiro do grupo político de Rianxo en Común Antón Castro Castro comeza a súa intervención dicindo que se queixan da premura con se se convocan os plenos, sendo este imposto un das fontes principais de ingresos do Concello para poder prestar os servizos. Non tivemos oportunidade de estudalo non volveremos estar aquí se non se nos da tempo para estudar os asuntos.

O IBI grava un ben real, ten que haber impostos para poder prestar servizos e somos partidarios dos impostos que graven bens reais. Nos non nos apuntamos, hai poboación que pode prescindir do público e solicita continuas baixadas de impostos, entendemso os

recursos son necesarios para prestar servizos .

Temos un par de preguntas: ¿Mesmo tipo impositivo en rústica que en urbana? ¿Porqué non se aproveitan eses recursos para bonificar os bens que instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol? Pensamos podería crearse outras bonificación en vez de baixar dúas centésimas o tipo impositivo

- A voceira do grupo político do PSOE M^a del Carmen Figueira Ares di que o seu grupo está de acordo ca proposta, xa que non se pon en risco a capacidade económica.

- A voceira do grupo político do PP M^a Vanesa Martinez Duran engade que o seu grupo vai apoiar a proposta dado que tampouco se ten moito marxe.

O alcalde Adolfo Muíños, intervén para dicir que o longo de estes anos intentamos reducir o tipo impositivo porque aumenta a base imponible, soben os ingresos por recadación do IBI, as bonificacións do 5% aprobadas no exercicio 2015 conseguiron reducir esa subida.

Trátase dunha medida prudente, non hai rebaixa o que se fai é ralentizar a subida

Para incrementar os ingresos do IBI propoñeríamos que as leis permitisen cobrarlle a igrexa, que a autovía con peaxe encuberto paguese IBI ou que o tren do AVE pagase por tributase IBI.

Dito isto é unha medida prudente, hai bastantes bonificacións do ICIO para as obras de que instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar.

Todos os novembros de aquí a varios anos podemos estudar bonificacións con tempo suficiente, o longo deste meses podedes facer propostas de bonificacións sobre o resto de impostos e taxas que non teñen un devengo a un de xaneiro .

Esta modificación do tipo intenta acompasar o incremento das bases imposables, non supón rebaixa de ingresos senón manter os mesmos ingresos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 4 membros do grupo PP), cero votos en contra e dúas abstencións (dos 2 membros de Rianxo en Común) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

Ás 20:35 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Rianxo, martes 8 de novembro de 2016

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez